

PROPOSTA DA ALCALDÍA

Asunto: Acordo de aprobación do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2021”

Vistas as bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos), “POS+ 2021”, publicadas no BOP nº 205, de 1 de decembro de 2020.

Tomando en consideración as necesidades municipais así como as suxerencias veciñais e dos partidos con representación institucional no Concello de Teo, propónse ao Pleno Municipal a adopción do seguinte acordo:

Tomando en consideración estes antecedentes, propónse ao Pleno Municipal a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2021”** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e o préstamo provincial asignados aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a “achega provincial 2021”, “achega provincial 2020” e “préstamo provincial 2021”:

A) Financiamento de gastos correntes:

	Deputación
Achega provincial 2021 aplicada ao financiamento de gastos correntes	367.029,18
Subtotal gasto corrente	367.029,18

B) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2020 (Investimentos financeiramente sostíbles)	Financiamento do investimento		
Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello	Orzamento total
AFIRMADO E ACONDICIONAMENTO DE VIARIO MUNICIPAL EN CHAVES (PITE)	38.014,96	0	38.014,96
AFIRMADO E ACONDICIONAMENTO DE VIARIO MUNICIPAL EN FORNELOS	40.838,26	0	40.838,26
MODIFICADO PARA A REURBANIZACIÓN DO NÚCLEO DE CASTRO, SAN XOAN DE CALO	230.384,00	0	230.384,00
AFIRMADO E ACONDICIONAMENTO DO VIARIO MUNICIPAL EN INSUA, LUOU	76.891,92	0	76.891,92
AFIRMADO E ACONDICIONAMENTO DO VIARIO MUNICIPAL EN SAN DOMINGOS, CALO	100.086,35	36,78	100.123,13
Subtotal investimentos achega provincial 2020	486.215,49	36,78	486.252,27

Aprobar os proxectos das obras que se relacionan nestas táboas.

C) Resumo:

SUBTOTALS		Deputación	Concello	Total
A- GASTOS CORRENTES	Achega 2021	367.029,18		367.029,18
B- INVESTIMENTOS	Achega 2020	486.215,49	36,78	486.252,27
	Achega 2021	367.029,18	0	367.029,18
	Achega 2020	486.215,49	36,78	486.252,27
TOTAL	TOTAL	853.244,67	36,78	853.281,45

Segundo.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2021 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostíbles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Denominación dos investimentos financeiramente sostíbles (mínimo do 50% do total de achega e préstamo provincial asignado)	Orzamento
ACTUACIÓNS DE SANEAMENTO E PAVIMENTACIÓN EN CASALONGA	198.262,71
REURBANIZACION DA RÚA ROSALIA DE CASTRO, PARQUE MONTOUTO	380.133,60
TOTAIS	578.396,31

Terceiro.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o

relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

Cuarto.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2021 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos no POS+2021 Base, se a houbera.

Quinto.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.


Sexto.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

Sétimo.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

Octavo.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente, incluíndo a aprobación, no seu caso, das correspondentes modificacións dos proxectos de obra recollidos nesta proposta.

Teo, 13 de xaneiro de 2021

O alcalde



Rafael C. Sisto Edreira
Alcaldía

